

A CIG-ENSINO SOLIDARÍZASE CO PROFESORADO PORTUGUÉS

A CIG-ENSINO quere amosar a súa solidariedade cos membros da FENPROF e co conxunto do profesorado portugués, ao tempo que amosa o seu apoio ás diversas mobilizacións que se están a producir na defensa do sistema público de ensino, das condicións laborais do profesorado e contra a política de dereita que leva ao pobo portugués a un maior empobrecemento e á perda de dereitos sociais e laborais que se acadaron froito de anos de loita e sacrificio.

Saudamos a Greve Geral celebrada onte día 24, á cal a nosa organización sindical amosou o seu apoio con concentracións na Galiza o día anterior, e queremos dicirlles que a loita de Portugal amósanos camiño diante da intensificación de novas agresións ao ensino e ao conxunto dos traballadores e traballadoras que tentarán levar adiante os gobernos da Galiza e do estado español.

Sendo moi graves todas as medidas que se están a aplicar en Portugal consideramos aínda se cabe moito máis perigosas as que se están a aplicar no ensino pois atacan unha das bases sobre as que se debe construír unha sociedade igualitaria; a redución de docentes, a precarización das condicións laborais, redución de salarios e pensións, rebaixa nos orzamentos e peche de escolas xunto con outras graves medidas que afectan á maioría da poboación portuguesa son ataques inaceptábeis.

Por todo iso exiximos unha mudanza nas políticas económicas e sociais das autoridades portuguesas de xeito que as consecuencias da crise sistémica do modelo neoliberal non a teñan que aturar quen non son culpábeis da mesma.

Galiza; 25 de novembro de 2011
Duarte Correa Piñeiro
Secretario de RR.II. da CIG-ENSINO